

CAPITULO IV.-XARDINERÍA E MOBILIARIO URBANO**ARTÍGO 1.- TRATAMENTO DOS ESPAZOS LIBRES**

A definición pormenorizada do espazo destinado a espazos libres de acompañamento de viario, definirase con todo detalle no proxecto de urbanización en desenvolvemento do plan especial, e coidara especialmente os seguintes aspectos:

- a) Utilizaranse preferiblemente especies autóctonas ou de probada adaptación á climatoloxía do solo.
- b) Definiranse portes, diámetros e características específicas de cada unidade de plantación
- c) Agruparanse especies con similares esixencias de solo, humidade, tolerancia á insolación ou ao grao de contaminación ambiental.
- d) Definirase o marco de plantación para cada especie e as dimensións axeitadas dos ocos de plantación

Nos noiros resultantes utilizaranse especies vexetais tapizantes con sistemas radiculares que favorezan a fixación do solo.

Cervo, 7 de maio de 2018.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 1256

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio*

CONVOCATORIA DE PROCEDEMENTO SELECTIVO POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE DIPLOMADOS/ TÉCNICOS EN TURISMO A MEDIA XORNADA.

Por acordo da XGL de data 30 de abril de 2018 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días naturais dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ben por fax o por outro medio a este Concello.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 2 de maio de 2018.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1192

MONTERROSO*Anuncio*

CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE CARÁCTER TEMPORAL DE PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES DO CONCELLO DE MONTERROSO

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 2 de maio de 2018 aprobáronse as bases xerais de convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego de carácter temporal de peón de servizos múltiples do Concello de Monterroso.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco días hábiles .

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na páxina web www.monterroso.es

Monterroso, 3 de maio de 2018.- O alcalde, Miguel Rico Gómez.

R. 1193